



CONVOCATORIA SUBVENCIONS ACTIVIDADES DEPORTIVAS 2023

a) Crédito orzamentario: 750,00 euros.

b) Obxecto, condicións e finalidade:

O obxectivo é a concesión de axudas económicas pola organización de actividades deportivas ou relacionadas coa promoción do deporte, incluída a compra de material deportivo.

Os gastos asociados á organización de eventos deportivos, os derivados dos compromisos das federacións de clubs, da xestión ordinaria dos clubs e asociacións e de participación en ligas federadas oficiais, así como os gastos de transporte.

A finalidade é o desenvolvemento de actividades que persigan o fin de fomento do deporte e de vida saudable .

c) Réximen de convocatoria: Concorrenza competitiva.

d) Beneficiarios e requisitos :

Poderán optar a estas subvencións as entidades e asociacións sen fins de lucro, públicas ou privadas, que, cumprindo o prescrito no artigo 13 da Lei 38/2003, e artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, reúnan ademais os seguintes requisitos:

- Estar inscritas no Rexistro de Asociacións do concello de Alfoz .
- O obxecto da entidade debe estar relacionado co fomento da actividade deportiva como obxectivo principal ou transversal noa organización de actividades extraescolares, no seu caso.
- Ter entre outros fins a realización das actividades obxecto da subvención, e en especial pero de forma non excluínte ,os clubs deportivos federados existentes no Concello de Alfoz.
- No caso de ser beneficiaria doutra subvención, axuda económica ou convenio doutra área do Concello de Alfoz ou doutra administración, correspondente ao exercicio económico de 2019 , e para a mesma actividade, o importe total dos ingresos obtidos non poderá exceder do total dos gastos desa actividade.
- Encontrarse ao corrente das obrigas tributarias co Concello de Alfoz , e con calquera outra administración.
- De ser o caso, ter xustificadas as subvencións recibidas con anterioridade polo Concello de Alfoz .
- Dispor de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos seus obxectivos

En todo caso quedan excluídas as actividades xustificadas polo Club Deportivo Alfoz e a Asociación Deportiva Río Ouro , por ter sido beneficiario/previsto dunha subvención nominativa .

e) Documentación a presentar :

- a) Solicitud de subvención segundo Anexo I.
- b) Memoria explicativa da actividade que se vai realizar de conformidade co Anexo II.
- c) Declaración responsable do representante legal da entidade segundo ANEXO III.
- d) Copia do documento nacional de identidade do representante da entidade.
- e) Declaración xurada do representante de axudas/subvencións ou patrocinios (sen achega económica) solicitadas e concedidas por outras administracións para a mesma actividade.
- f) Copia do CIF da entidade.
- g) Declaración xurada sobre a concorrencia dos criterios obxecto de valoración.
- h) Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da subvención.

f) Unidade tramitadora: Servizos administrativos xerais .

Órgano competente resolución: Concelleiro delegado de Deportes.

g) Prazo de presentación de solicitudes: 15 DIAS NATURAIS contados a partir do día seguinte da publicación da presente no BOP e na BDNS.

h) Prazo de resolución e notificación: 1 mes, en todo caso a resolución antes do día 31





de decembro de 2023.

i) Se admite a reformulación de solicitudes.

j) A resolución de concesión poñen fin á vía administrativa, cabendo a presentación de recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo de un mes ou ben contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

k) Criterios de valoración:

I. VALORACIÓN ASOCIACIÓN.- (20 ptos máximo)

- 1º.- Número de socios ou de compoñentes da Asociación (máx. 8).
- 2º.- Antigüedad desde que se constituíu como Asociación / Clube .(máx. 12)

II. VALORACION DA IMPLICACION NO ENTRAMADO SOCIAL MUNICIPAL : (max 100 ptos)

- 1º.- En función do número de participantes nas actividades programadas . Ata 20 puntos.
- 2º. En función da repercusión social das actividades. Ata 30 puntos.
- 3º. En función da duración das actividades ou ligas nas que se participa. Ata 36 puntos.
- 4º. En atención da súa transversalidade co desenvolvemento municipal. Ata 14 puntos.

III. NIVEL DEPORTIVO . (MAXIMO 20 PUNTOS).

Terase en conta únicamente o nivel máis alto de calquera dos seus equipos/conxuntos/deportistas.

IV.- VALORACIÓN ORZAMENTARIA.- (Máximo 30 puntos)

- 1.- Subvencións doutras Administracións ou Entidades Públicas en 2023.
- 2.- Gastos Totais Realizados (xustificados con facturas) no ano 2023(engadidos os orzamentados comprometidos para o último trimestre)
3. - Polos gastos de federación soportados tempada 2022/2023 . Máximo 10 puntos.

l) Medio de notificación: A resolución notificaráse aos interesados por publicación no taboeiro de anuncios, páxina web e serán notificados individualmente . Transcurrido o citado prazo sen que se renuncie á subvención, se entenderá tácitamente aceptada.

m) Outros datos.

As solicitudes formularanse no modelo normalizado existente nas oficinas de rexistro do Concello e publicados no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello, presentáseno no Rexistro de entrada do Concello ou por calquera dos medios sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Admítese o pagamento a conta de ata o 80 % da cuantía total da axuda concedida.

En Alfoz, a 10 de novembro de 2023.

O Concelleiro delegado de Deportes.
Asdo. Eliseo Lorenzo García.

